

CONTOS

"Para seguir bailando"

24.03.2009 Fernández Naval achega nunha obra de "madurez" dez relatos sobre a violencia contra as mulleres, o abandono do rural ou a corrupción

V. OLIVEIRA . SANTIAGO

"O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas, todas mergulladas na mesma luz." O rianxeiro Rafael Dieste entendía así a escrita en Dos arquivos do trasno. Así o concibe tamén o poeta e narrador ourensán Francisco X. Fernández Naval no seu último libro, Para seguir bailando, que tira do prelo Xerais. Logo de máis de vinte obras publicadas, Chisco achega dez relatos sobre a violencia exercida contra as mulleres, o despoboamento do rural ou a corrupción política nun volume de "madurez" formal, temática e persoal.

"Para min é un proceso de maduración da escrita porque entrei en lugares máis arriscados, dende o punto de vista formal en territorios polos que non transitara, e dende o punto de vista das propias historias. Pasas o tempo escribindo sobre as cousas da vida e, ás veces, hai un afastamento da vida na propia narración. Hai que contar o que está máis preto de ti mesmo. Este libro, sen ser autobiográfico, afiánzase no tempo vivido. Cando un mira cara a atrás ve que en 50 anos hai moita literatura. Por iso, estes dez relatos afirman unha ollada ao tempo vital", explica o autor nado en Ourense en 1956.

"É un libro que mira ao mundo, absolutamente aberto ao que pasa. Pero non é o real porque sempre pasa polo espello do autor", apunta Chisco. Para seguir bailando aposta así por novas formulacións narrativas, influencia non só de Dieste senón tamén, e sobre todo, do arxentino Julio Cortázar, ao que lle dedica o conto que pecha o libro, e sobre o que escribiu o ensaio Respirar polo idioma. Os galegos e Julio Cortázar.

"Dende que lin a Cortázar cando tiña vinte anos, sentín a paixón pola s. a literatura. Regresei a el despois de vinte e cinco anos, volví a reler toda a súa obra. Rayuela lina polo menos tres veces. E decateime de circunstancias que de máis novo non me chamaran a atención como o azar, un elemento determinante na vida dos personaxes, ou de xeitos de contar con puntos de vista mesturados dos que Cortázar foi o gran descubridor en relatos como La señorita Cora, apunta o autor.

Dende o primeiro relato do libro, Noite de pallabarro -sobre a descuberta do franquismo por un grupo de adolescentes Fernández Naval ábrele unha porta ao azar que, segundo escribe "fai máis real o real, ordena o universo". A fortuna é, asegura o autor, "un elemento determinante que condiciona moitas cousas da vida. Era o que Cortázar chamaba o azar fantástico".

A memoria é outro dos conceptos sobre os que se asenta a escrita de Para seguir bailando. "Somos en canto temos memoria. É un elemento central do ser humano, somos un colectivo con memoria. Ademais, o grande obxectivo da literatura é a construción da memoria", resalta o autor.

Precisamente un dos relatos máis inquetantes, Contemporáneos I, achégase ao despoboamento do rural a través da visión de dous anciáns, Raúl e Enedina, os derradeiros habitantes dunha aldea galega que só poden agardar polo final. "Desacógame pensar na perda do pasado, dun xeito de comprender a nosa paisaxe e o noso mundo. Esa construción durante séculos, esa memoria perderase", indica.

A violencia é a terceira das bases argumentais do volume. Tanto a exercida contra as mulleres no relato A vida secreta de L. como contra os nenos en Noite de cloroformo. No primeiro deles, a través das mentes masculinas, o autor indaga de que maneira "na sociedade na que vivimos, ás veces, a violencia non se exerce de forma física, senón máis agochada e disimulada". Mentres que no segundo, se achega a unha historia "real" de abusos a menores por parte dun sacerdote da Igrexa.

"Aos políticos non lles importa a verdade, só a aparencia", escribe Chisco no conto Oll. s de *serpe*, un "pequeno thriller" trazado sobre o submundo da corrupción. "Os responsables dos bancos danlles cartos ás grandes compañías e non se perseguen os ladróns", indica.

Para o autor, todos os relatos teñen en común "a emoción" así como a capacidade de salvación a través da "amizade, da honestidade ou simplemente de manterse fiel aos principios".

DE LETRAS

"Os come. os deben ter cadencia"

"Sempre me chamaron a atención os recunchos, as cousas que quedan lonxe do centro, porque moitas veces son as que desencadean as circunstancias", explica Chisco que ao longo dos dez relatos describe detalles sobre o zoar das abellas ou as postas das serpes.

"A natureza é unha constante en todo o que escribo como en *Sombras no labirinto* ou *O bosque das antas*, asegura o autor que recibiu por este libro o Premio Xerais de Novela.

Outro prato forte de *Para seguir bailando* son os comezos dos contos, moitos con estrutura circular. "Nun congreso do PEN Clube en Galicia ao que acudiu Rush- die, puideron asistir a unha mesa redonda con Saramago e Torrente Ballester na que faláron dos comezos. Dicían que debían ser como unha sinfonía, tiñan que ter unha cadencia, un ton. Por iso é tan determinante o comezo dun conto, porque infl. e no ritmo que toma o resto do texto", asegura o autor ourensán.